

TEMPO DE CORESMA

DOMINGO I DE CORESMA

22.-

PRIMEIRA LECTURA

Creación e pecado dos primeiros pais

Lectura do libro da Xénese 2, 7-9; 3, 1-7

O Señor Deus formou un home do po da terra, soprólle no nariz o alento da vida e tornouse o home persoa viva.

O Señor Deus plantou un xardín en Edén, cara a oriente, e puxo nel o home que formara. Fixo xermolar da terra árbores fermosas para a vista e boas para comer, e entre elas a árbore da vida e a árbore do coñecemento do ben e do mal.

A serpe era o máis arteiro de tódolos animais que o Señor Deus fixera. Díxolle á muller:

—«¿Conque Deus vos prohibiu comer do froito das árbores do xardín?»

A muller respondeulle:

—«Podemos comer do froito das árbores todas do xardín. Soamente da árbore de alá no fondo nos mandou Deus: “Non comades dela nin a toquedes, non sexa que morrades.”»

A serpe insistiu:

—«De ningunha maneira morreredes. É que Deus sabe ben que o día en que comades dela, se vos abrirán os ollos e seredes coma Deus, sabedores do ben e do mal.»

A muller reparou que o froito da árbore era saboroso, atraente, e bo para adquirir entendemento. E coa mesma colleu do froito e comeu; logo deulle ó seu home, e tamén el comeu.

Entón abríronselle-los ollos ós dous e decatáronse de que estaban espidos. Entrelazaron follas de figueira e cinguíronse con elas.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 50, 3-4. 5-6a. 12-13. 14 e 17 (R.: cf. 3a)

R.: Apiádate, Señor, porque pecamos.

Compadécete de min, oh Deus, pola túa bondade;
pola túa gran misericordia, borra o meu pecado;
lávame enteiro da miña iniquidade,
límpame da miña culpa. R.

Eu recoñezo o meu pecado,
e diante de min teño sempre a miña culpa.
Contra ti eu pequei, contra ti só. R.

Crea, oh Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro con espírito firme;
non me botes da túa presenza,
e non tires de min o teu santo espírito. R.

Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme cun espírito xeneroso.
Abre, Señor, os meus labios,
e a miña boca pregoará a túa loanza. R.

SEGUNDA LECTURA

Onde abundou o pecado, sobreabundou a gracia

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 5, 12-19

Irmáns:

Como por un home entrou o pecado no mundo, e polo pecado a morte, así a tódolos homes chegou a morte, pois naquel pecaron todos. Porque ata o tempo da Lei non había pecado no mundo, pero o pecado non se imputaba ó non haber lei.

Mesmo así, a morte dominou desde Adán ata Moisés, tamén sobre aqueles que non pecaron cunha transgresión semellante á de Adán, que é antecesor do home que debía vir.

Pero non hai comparanza entre o delicto e o don. Porque, se polo delicto dun home morreron tódolos outros, moito máis polo favor dun home, Xesús Cristo, a gracia de Deus e a liberalidade na benevolencia rebordaron sobre todos.

E a dádiva que se concedeu non corresponde a un só pecador: pois o xuízo de un remata en condena, mentres que a gracia de moitos pecadores leva á xustificación. Se, logo, pola transgresión dun home reinou a morte —e por culpa dun só—, ¡canto máis os que reciban a abundancia da gracia e do don da xustiza reinarán na vida por medio dese un que é Xesús Cristo!

Polo tanto, como pola transgresión dun só veu a condenación sobre tódolos homes, así tamén pola xustiza doutro só vén para tódolos homes a xustificación cara á vida. Pois a desobediencia dun único home volveu pecadores a tódolos homes, así tamén a obediencia dun só volveu xustos a todos.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos 5, 12. 17-19

Irmáns:

Como por un home entrou o pecado no mundo, e polo pecado a morte, así a tódolos homes chegou a morte, pois naquel pecaron todos.

Se, logo, pola transgresión dun home reinou a morte —e por culpa dun só—, ¡canto máis os que reciban a abundancia da gracia e do don da xustiza reinarán na vida por medio dese un que é Xesús Cristo!

Polo tanto, como pola transgresión dun só veu a condenación sobre tódolos homes, así tamén pola xustiza doutro só vén para tódolos homes a xustificación cara á vida. Pois a desobediencia dun único home volveu pecadores a tódolos homes, así tamén a obediencia dun só volveu xustos a todos.

Palabra do Señor.

Versículo Mt 4, 4b

O home non vive só de pan,
senón de toda palabra que procede da boca de Deus.

EVANXEO

Xesús xaxúa corenta días e afronta a tentación

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 4, 1-11

Naquel tempo, o Espírito conduciu a Xesús ó deserto, para que Satán o tentase. Despois de xaxuar corenta días e corenta noites, acabou por ter fame. O tentador, achegándose a el, díxolle:

—«Se es Fillo de Deus, manda que estas pedras se convertan en pan.»

Pero el respondeu:

—«Está escrito: “Non soamente de pan vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus.”»

Levouno logo o Satán á cidade santa, e púxoo na atalaia do templo, dicíndolle:

—«Se e-lo Fillo de Deus, bótate de aquí embaixo, que está escrito: “Mandaré os seus anxos para que te coiden e te leven nas súas mans; e os teus pés non se mancarán nas pedras.”»

Xesús respondeu:

—«Tamén está escrito: “Non tentará-lo Señor, o teu Deus.”»

Pero aínda o levou o Satán a un monte moi alto e, mostrándolle os reinos todos do mundo enteiro, cheos de esplendor, díxolle:

—«Heiche dar todo isto se te prostras e me adoras.»

Entón replicoulle Xesús:

—«Arreda, Satanás, porque está escrito: “Só ó Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El darás culto.”»

Deixouno o Satán, e achegáronse os anxos para o serviren.

Palabra do Señor.

DOMINGO II DE CORESMA

25.-

PRIMEIRA LECTURA

Vocación de Abrahán, pai do pobo de Deus

Lectura do libro da Xénese 12, 1-4a

Naqueles días, o Señor díxolle a Abrán:

—«Sae da túa terra e da túa patria e do teu clan para a terra que eu che mostrarei.

Eu farei de ti un pobo grande, bendicireite e dareiche un nome sonado, que será exemplo de bendición.

Bendicarei a quen te bendiga, maldicarei a quen te maldiga. Os pobos todos da terra chamaranse benditos no teu nome.»

Abram saíu, conforme lle dixera o Señor.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 32, 4-5. 18-19. 20 e 22 (R.: 22)

R.: Veña a nós, Señor, a túa misericordia, como de ti o esperamos.

A palabra do Señor é recta
e tódalas súas obras son leais:
el ama o dereito e a xustiza,
a súa misericordia enche a terra. R.

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,
nos que esperan na súa misericordia,
para libra-las súas vidas da morte,
para os manter no tempo da miseria. R.

Nós agardámo-lo Señor:
El é o noso socorro, o noso escudo.
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos. R.

SEGUNDA LECTURA

Deus chámanos e ilumínanos

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo a Timoteo

1, 8b-10

Benquerido irmán:

Comparte comigo os sufrimentos polo Evanxeo, contando co poder de Deus. El santificounos e chamounos a unha vocación santa, non polas nosas obras, senón polo seu designio e pola gracia que nos deu en Cristo Xesús antes de tódolos tempos, e que se manifestou agora pola aparición do noso Salvador, Cristo Xesús.

El destruíu a morte e alumou a vida e a inmortalidade por medio do Evanxeo.

Palabra do Señor.

Versículo

Oíuse a voz do Pai, que dicía desde a resplandecente nube:
«Este é o meu Fillo benquerido: escoitádeo.»

EVANXEO

O seu rostro resplandecía coma o sol

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 17, 1-9

Naquel tempo, levou Xesús consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles sós a un monte alto.

Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol; e os seus vestidos viraron brancos coma a luz.

Nisto aparecéuselles Moisés e tamén Elías, que estaban falando con el.

Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:

—«¡Señor, que bo sería ficarmos aquí! ¿Queres que faga aquí tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías?»

Aínda el estaba falando, cando apareceu unha nube luminosa que os cubriu; e oíuse unha voz que dende a nube dicía:

—«Este é o meu Fillo benquerido, o que me complace; escoitádeo.»

Ó escoitaren isto, os discípulos caeron debrozados, cheos de temor. Xesús, achegándose, tocounos e díxolles:

—«¡Erguédevos, non teñades medo!»

Levantando os ollos, non viron a ninguén fóra de Xesús.

Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles:

—«Non lle faledes desta visión a ninguén, ata que o Fillo do Home resucite de entre os mortos.»

Palabra do Señor.

DOMINGO III DE CORESMA

28.-

PRIMEIRA LECTURA

Dános auga para beber

Lectura do libro do Éxodo 17, 3-7

Naqueles días, o pobo padecía a sede e murmuraba contra Moisés pola falta de auga:

—«¿Por que nos sacaches de Exipto, para facernos morrer de sede, a nós, ós nosos fillos e á nosa habenza?»

Moisés clamou entón cara ó Señor:

—«¿Que podo facer con esta xente? Acabarán por acantazarme.»

O Señor respondeulle:

—«Pasa diante do pobo, toma contigo algúns dos anciáns de Israel, leva na man a caxata coa que golpeáche-lo Nilo e camiña. Eu presentareime diante túa, sobre a rocha, alá no Horeb. Ti golpea-la rocha, e dela sairá auga para que o pobo beba.»

Moisés fíxoo así, á vista dos anciáns de Israel.

Chamáronlle a aquel lugar Masah e Meribah, porque os israelitas contenderon co Señor e puxérono a proba, preguntando:

—«¿Está o Señor connosco ou non?»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9 (R.: 8)

R.: ¡Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor!

Non endurezáde-los vosos corazóns.

Vinde, cantémoslle ó Señor,
aclamémo-la nosa Rocha salvadora;
acheguémonos á súa presenza dándolle gracias,
aclamémolo con cancións. **R.**

Vinde, adorémolo prostrados,
axeonllémonos perante o Señor, que nos creou,
pois el é o noso Deus,
e nós sómo-lo seu pobo, o rabaño que el guía. **R.**

Oxalá escoitedes hoxe a súa voz:
«Non endurezáde-los vosos corazóns, coma en Meribah,
coma o día de Masah, no deserto,
onde os vosos pais me tentaron:
provocáronme, por máis que tiñan visto os meus feitos.» **R.**

SEGUNDA LECTURA

O Amor derramouse en nós polo Espírito que se nos deu

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **5, 1-2. 5-8**

Irmáns:

Xustificados pola fe, estamos en paz con Deus, por medio do noso Señor Xesús Cristo. Por El temos tamén acceso na fe a esta gracia na que nos mantemos; e nos sentimos ledos pola esperanza de acadala gloria de Deus.

E a esperanza non falla, porque o amor de Deus verteuse nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

Pois xa cando nós estabamos aínda, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos. Non é doado que alguén morra por un home xusto (aunque por un home bo aínda haxa alguén que estea disposto a morrer); pero Deus demostróuno-lo seu amor no feito de que, sendo aínda pecadores, Cristo morreu por nós.

Palabra do Señor.

Versículo Cf. Xn 4, 42. 15

Señor, verdadeiramente ti e-lo Salvador do mundo;
dame auga viva, para que non teña máis sede.

EVANXEO

Manancial de auga que salta ata a vida eterna

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 4, 5-42

Naquel tempo, chegou Xesús a unha cidade da Samaría chamada Sicar, preto do terreo que lle deixara Xacob a seu fillo Xosé. Estaba alí o pozo de Xacob. E Xesús, canso do camiño, sentou onda o pozo. Era preto das doce da mañá. Chegou unha muller da Samaría sacar auga. E Xesús díxolle:

—«Dáme de beber.»

(Os seus discípulos foran á vila, mercar comida.)

Preguntoulle entón a muller samaritana:

—«¿Como é que ti, sendo xudeu, me pides a min, muller samaritana, que che dea de beber?»

(Porque os xudeus non se levan cos samaritanos.)

Respondeulle Xesús:

—«Se coñecése-lo don de Deus e quen che di “dáme de beber”, ti mesma lle pedirías a el e el daríache auga viva.»

Replicoulle a muller:

—«Señor, se ti nin sequera tes caldeiro e o pozo é fondo, ¿de onde pensas quitar esa auga viva? ¿Seica es ti máis có noso pai Xacob, quen nos deu este pozo, do que beberon el, seus fillos e mailo seu gando?»

Xesús contestoulle:

—«Todo o que bebe desta auga terá sede outra vez; pero o que beba da auga que eu lle darei, nunca máis terá sede: a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna.»

A muller suplicou:

—«Señor, dáme, logo, desa auga para non ter sede nin ter que vir aquí por ela.»

Díxolle Xesús:

—«Vai chamar polo teu marido e volve aquí.»

A muller contestou:

—«Non teño marido.»

Xesús díxolle:

—«Falaches ben, dicindo «non teño marido»; tiveches cinco

homes e o que tes agora non é teu marido. Desta si que faláche-la verdade.»

A muller respondeu:

—«Señor, vexo que ti es profeta. Os nosos pais adoraron neste monte e vós dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar a Deus.»

Xesús díxolle:

—«Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte nin en Xerusalén adoraréde-lo Pai. Vós adoráde-lo que non coñecedes; nós adorámo-lo que coñecemos, pois a salvación vén dos xudeus. Pero chega a hora —e velaí— en que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai. Deus é espírito e cómpre que os que o adoran, o adoren en espírito e verdade.»

Respondeu a muller:

—«Sei que está para vi-lo Mesías, o chamado Cristo. Cando el veña, hanos clarexar tódalas cousas.»

Díxolle Xesús:

—«Son eu, o que está falando contigo.»

Nisto chegaron os seus discípulos e chamóulle-la atención que falase cunha muller. Pero ningún lle preguntou: «¿Que pretendes?» ou «¿De que falas con esa?»

Entón, deixando a muller o seu cántaro, foi á vila e díxolles ós veciños:

—«Vide ver un home que me dixo todo canto eu fixen. ¿Non será el o Mesías?»

Eles saíron da vila e viñeron onda el.

Mentres, os seus discípulos insistíanlle:

—«Rabbí, come.»

Mais el díxolles:

—«Eu teño para xantar unha comida que vós non matinades.»

Dicíanse entón os discípulos, uns ós outros:

—«¿Traeríalle alguén de comer?»

Xesús díxolles:

—«A miña comida é face-la vontade daquel que me mandou e levar ó remate a súa obra. ¿Non dicides vós que aínda faltan catro meses para que chegue a seitura? Ben, pois mirade o que vos digo: erguede os vosos ollos e veredes que os campos están brancos para

a seitura. O que sega recibe a paga e recolle froito para a vida eterna, de xeito que se alegra tanto quen sementa coma quen sega. Pois nisto é verdadeiro o dito de que un é quen sementa e outro quen recolle. Eu mandeivos recolle-lo que vós non traballastes: outros traballaron e vós recolléste-lo froito do seu traballo.»

Moitos samaritanos daquela vila creron nel, pola palabra da muller, que declaraba: «Díxome todo canto eu fixen.» Por iso os samaritanos chegados onda el, rogábanlle que quedase con eles; e quedou alí dous días. E creron aínda moitos máis polo que el lles dixo. Dicíanlle despois á muller:

—«Xa non cremos polo que ti nos contaches: nós mesmos o escoitamos e sabemos que este é de verdade o Salvador do mundo.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

4, 5-15. 19b-26. 39a. 40-42

Naquel tempo, chegou Xesús a unha cidade da Samaría chamada Sicar, preto do terreo que lle deixara Xacob a seu fillo Xosé. Estaba alí o pozo de Xacob. E Xesús, canso do camiño, sentou onda o pozo. Era preto das doce da mañá. Chegou unha muller da Samaría sacar auga. E Xesús díxolle:

—«Dáme de beber.»

(Os seus discípulos foran á vila, mercar comida.)

Preguntoulle entón a muller samaritana:

—«¿Como é que ti, sendo xudeu, me pides a min, muller samaritana, que che dea de beber?»

(Porque os xudeus non se levan cos samaritanos.)

Respondeulle Xesús:

—«Se coñecése-lo don de Deus e quen che di «dáme de beber», ti mesma lle pedirías a el e el daríache auga viva.»

Replicoulle a muller:

—«Señor, se ti nin sequera tes caldeiro e o pozo é fondo, ¿de onde pensas quitar esa auga viva? ¿Seica es ti máis có noso pai

Xacob, quen nos deu este pozo, do que beberon el, seus fillos e mailo seu gando?

Xesús contestoulle:

—«Todo o que bebe desta auga terá sede outra vez; pero o que beba da auga que eu lle darei, nunca máis terá sede: a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna.»

A muller suplicou:

—«Señor, dáme, logo, desa auga para non ter sede nin ter que vir aquí por ela.»

Vexo, Señor, que ti es profeta. Os nosos pais adoraron neste monte e vós dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar a Deus.

Xesús díxolle:

—«Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte nin en Xerusalén adoraréde-lo Pai. Vós adoráde-lo que non coñecedes; nós adorámo-lo que coñecemos, pois a salvación vén dos xudeus. Pero chega a hora —e velaí— en que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai. Deus é espírito e cómpre que os que o adoran, o adoren en espírito e verdade.»

Respondeu a muller:

—«Sei que está para vi-lo Mesías, o chamado Cristo. Cando el veña, hanos clarexar tódalas cousas.»

Díxolle Xesús:

—«Son eu, o que está falando contigo.»

Moitos samaritanos daquela vila creron nel. Por iso os samaritanos chegados onda el, rogábanlle que quedase con eles; e quedou alí dous días. E creron aínda moitos máis polo que el lles dixo. Dicíanlle despois á muller:

—«Xa non cremos polo que ti nos contaches: nós mesmos o escoitamos e sabemos que este é de verdade o Salvador do mundo.»

Palabra do Señor.

DOMINGO IV DE CORESMA

31.-

PRIMEIRA LECTURA

David é unxido como rei de Israel

Lectura do libro primeiro de Samuel 16, 1b. 6-7. 10-13a

Naqueles días, díxolle o Señor a Samuel:

—«Enche o corno de óleo e vaite, de parte miña, onda Iexé, o de Belén, pois escollín entre os seus fillos un rei para min.»

Cando chegou a Belén, viu a Eliab e pensou:

—«De seguro que o Señor ten diante de si o seu unxido.»

Pero o Señor díxolle a Samuel:

—«Non te fixes no seu aspecto, nin na súa moita estatura. Ese téño excluído, pois Deus non olla como os homes. Os homes ven as aparencias, pero Deus ve o corazón.»

Iexé fixo pasar a sete dos seus fillos á vista de Samuel e Samuel dixo:

—«Ningún destes é o escollido do Señor.»

Samuel preguntoulle a Iexé:

—«¿Xa non tes máis rapaces?»

E el respondeulle:

—«Queda aínda o pequeno, que está gardando as ovellas.»

Samuel díxolle:

—«Pois manda que o traian, xa que non nos sentaremos á mesa ata que el chegue».

Iexé mandou que o fosen buscar.

Era loiro, de ollos fermosos e de bo parecer.

O Señor dixo a Samuel:

—«Érguete e únxeo, pois é este.»

Samuel colleu o corno do óleo e unxiuno diante dos seus irmáns.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6 (R.: 1)

R.: O Señor é o meu pastor: nada me falta.

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
En pastos verdecentes faime repousar.
El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas; **R.**

Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.
Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego. **R.**

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda. **R.**

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
tódolos días da miña vida.
Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Érguete de entre os mortos e hate iluminar Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios **5, 8-14**

Irmáns:

Antes erades tebras, pero agora sodes luz no Señor. Así que andade coma fillos da luz (porque o froito da luz é toda bondade, xustiza e verdade), tendo en conta o que agrada ó Señor.

E non compartáde-las obras estériles das tebras; polo contrario, evidenciádeas, que do realizado por eses tales ás agachadas dá vergonza mesmo falar.

Pero todo iso, cando o delata a luz, queda ó descuberto, pois todo o que se manifesta é luz. Por iso di a Escritura:

«Acorda, ti que estás a durmir,
érguete de entre os mortos
e Cristo iluminarate.»

Palabra do Señor.

Versículo Xn 8, 12

Eu son a luz do mundo, di o Señor;
quen me segue, terá a luz da vida.

EVANXEO

Foise, e lavouse, e volveu vendo

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 9, 1-41

Naquel tempo, ó pasar, Xesús viu a un cego de nacemento. Entón preguntáronlle os seus discípulos:

—«Mestre, ¿quen pecou, para que nacesse cego: el ou seus pais?»

Xesús respondeu:

—«Nin pecou el nin os seus pais, senón que está cego para que se mostren nel as obras de Deus. Precisamos face-las obras do que me mandou mentres é día; está a chega-la noite e daquela ninguén pode traballar. Mentres eu estou no mundo, son a luz do mundo.»

Dito isto, cuspiu na terra e fixo lama co cuspe e untouna polos ollos do cego, dicíndolle:

—«Vaite lavar na piscina de Siloé (que quere dicir “enviado”).»

El foi, lavouse e volveu con vista. Entón os veciños e os que antes o viran andar a pedir preguntaban:

—«¿Non é este o que estaba sentado a pedir?»

Uns decían:

«Éche o mesmo.»

Outros:

—«Non, é un que se lle asemella.»

E el dicía:

—«Son eu.»

Entón preguntábanlle:

—«Daquela ¿como se che abriron os ollos?»

El respondeu:

—«O home que se chama Xesús fixo lama, untoume os ollos, e díxome: “Vai a Siloé e lávate.” Entón fun e, ó que me lavei, comecei a ver.»

Preguntáronlle:

—«¿Onde está ese?»

El contestou:

—«Non o sei.»

Levaron onda os fariseos o que fora cego. (Era sábado o día que Xesús fixera lama e lle abrira os ollos.) E outra vez lle preguntaban tamén os fariseos como chegara a ver. El respondeulles:

—«Untoume lama polos ollos, laveime e vexo.»

Algúns dos fariseos dicían:

—«Este home non vén de Deus, que non garda o sábado.»

Outros, en cambio, dicían:

—«¿Como ía poder un home pecador facer estes sinais?»

E había división entre eles.

Entón preguntáronlle outra vez ó cego:

—«¿A ti que che parece ese home que lles deu a vista ós teus ollos?»

El contestou:

—«Que é un profeta.»

Os xudeus non lle creron que fose cego e que chegase a ver, ata que chamaron polos seus pais e lles preguntaron:

—«¿É este o voso fillo, o que vós dicides que naceu cego? Logo ¿como é que agora ve?»

Os pais responderon:

—«Nós sabemos que este é o noso fillo e que naceu cego: como é que agora ve, non o sabemos; nin sabemos tampouco quen lle deu a vista. Preguntádelle a el, que ten anos para falar en por si.»

(Isto dixérono os pais, porque lles tiñan medo ós xudeus, pois xa se puxeran de acordo en que, se alguén o recoñecía como Mesías, botábano da sinagoga. Por isto dixeron seus pais: «Ten idade, preguntádelle a el.»)

Chamaron por segunda vez polo home que fora cego e dixéronlle:

—«Dá gloria a Deus: nós sabemos que ese home é un pecador.»

El entón respondeu:

—«Eu non sei se é un pecador; só sei unha cousa: que eu antes era cego e que agora vexo.»

Dixéronlle entón:

—«Pero ¿que foi o que che fixo? ¿Como che deu a vista?»

Respondeulles:

—«Xa volo dixen e non me fixestes caso. ¿Por que queredes oílo outra vez? ¿Ou é que tamén queredes facervos discípulos del?»

Eles enchérono de aldraxes e dixéronlle:

—«Serás ti discípulo del; nós somos discípulos de Moisés. Nós sabemos que a Moisés lle falou Deus; deste, polo contrario, non sabemos de onde é.»

O home replicoulles:

—«Pois nisto precisamente está o admirable: en que vós non sabedes de onde é e el déulle-la vista ós meus ollos. Sabemos que Deus non escoita os pecadores, pero se un é piadoso e fai a súa vontade, a ese escóitao. Endexamais se soubo de ninguén que dese vista a un cego de nacemento: se este non viñese de Deus, non podería facer nada.»

Respondéronlle eles:

—«Ti naciches todo metido en pecados ¿e vasnos ensinar a nós?»

E botárono fóra.

Oíu Xesús que o botaran fóra, buscouno e preguntoulle:

—«¿Cres ti no Fillo do Home?»

El respondeulle:

—«¿E quen é, Señor, para que crea nel?»

Díxolle Xesús:

—«Éche o mesmo que estás vendo e que está a falar contigo.»

El dixo:

—«Creo, Señor.»

E prostrouse diante del.

Entón dixo Xesús:

—«Para realizar un xuízo vin eu a este mundo: para que os que non ven, vexan; e os que ven, se volvan cegos.»

Oíron isto algúns dos fariseos que estaban onda el, e preguntáronlle:

—«¿E, logo, nós tamén estamos cegos?»

Xesús contestoulles:

—«Se estivesedes cegos, non teríades pecado; mais, como dicides que vedes, o voso pecado permanece.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 9, 1. 6-9. 13-17. 34-38

Naquel tempo, ó pasar, Xesús viu a un cego de nacemento.

Cuspiu na terra e fixo lama co cuspe e untouna polos ollos do cego, dicíndolle:

—«Vaite lavar na piscina de Siloé (que quere dicir “enviado”).»

El foi, lavouse e volveu con vista. Entón os veciños e os que antes o viran andar a pedir preguntaban:

—«¿Non é este o que estaba sentado a pedir?»

Uns decían:

—«Éche o mesmo.»

Outros:

—«Non, é un que se lle asemella.»

E el dicía:

—«Son eu.»

Levaron onda os fariseos o que fora cego. (Era sábado o día que Xesús fixera lama e lle abrira os ollos). E outra vez lle preguntaban tamén os fariseos como chegara a ver. El respondeulles:

—«Untoume lama polos ollos, laveime e vexo.»

Algúns dos fariseos dicían:

—«Este home non vén de Deus, que non garda o sábado.»

Outros, en cambio, dicían:

—«¿Como ía poder un home pecador facer estes sinais?»

E había división entre eles.

Entón preguntáronlle outra vez ó cego:

—«¿A ti que che parece ese home que lles deu a vista ós teus ollos?»

El contestou:

—«Que é un profeta.»

Respondéronlle eles:

—«Ti naciches todo metido en pecados ¿e vasnos ensinar a nós?»

E botárono fóra.

Oíu Xesús que o botaran fóra, buscouno e preguntoulle:

—«¿Cres ti no Fillo do Home?»

El respondeulle:

—«¿E quen é, Señor, para que crea nel?»

Díxolle Xesús:

—«Éche o mesmo que estás vendo e que está a falar contigo.»

El dixo:

—«Creo, Señor.»

E prostrouse diante del.

Palabra do Señor.
